

# As linguas, a comunicación e a lingüística

Lingua Galega e Literatura I

As linguas como sistemas de  
comunicación  
(pp. 13-16)

# AS LINGUAS COMO SISTEMAS DE COMUNICACIÓN

As **linguas** son sistemas de comunicación formados por un número reducido de elementos (fonemas) que permiten infinitas posibilidades de combinación.

Os fonemas carecen de significado, pero ao combinarse crean unidades máis complexas que si o teñen: as palabras.

# AS UNIDADES CON SIGNIFICADO


Os símbolos e os signos

O **símbolo** é unha unidade cuxa forma garda relación co significado, coma os sinais de tráfico ou as iconas. Nas linguas só atopamos como símbolos as onomatopeas.




O **signo** é unha unidade cuxa forma ou significante non garda relación co significado, é dicir, é arbitraria e convencional.

# OS ELEMENTOS DO PROCESSO COMUNICATIVO



# OS ELEMENTOS DO PROCESSO COMUNICATIVO



# FUNCIÓNS DA LINGUAXE

Para que empregamos a linguaxe?

- Para informar ou contarlle algo ao emisor: función **denotativa, referencial** ou **representativa**.
- Para expresar sentimentos ou desexos: función **emotiva** ou **expresiva**.
- Para chamar a atención do receptor, pedirlle que faga algo, darlle unha orde etc.: función **conativa** ou **apelativa**.
- Para comprobar que a comunicación se está producindo: función **fática** ou **de contacto**.
- Para falar sobre a propia lingua: función **metalingüística**.
- Para crear unha mensaxe con intención estética, artística: función **poética**.

As disciplinas lingüísticas  
(pp. 17-18 e 31-32)



# AS DISCIPLINAS LINGÜÍSTICAS

A **lingüística** é a ciencia que estuda a linguaxe, e dentro dela atopas varias disciplinas:

- A **gramática**, que estuda o funcionamento interno da lingua.
- A **pragmática**, que se centra en como empregamos a lingua en función do contexto da comunicación.
- A **sociolingüística**, que analiza a relación entre as e os falantes e a súa lingua, é dicir, como os aspectos sociais inflúen en que linguas falamos e como as usamos.
- A **psicolingüística**, que estuda os procesos psicolóxicos detrás da aprendizaxe ou do uso das linguas.

# A GRAMÁTICA

Como xa dixemos, as linguas poden producir combinacións ilimitadas de mensaxes a partir dun número reducido de elementos, os fonemas. A gramática estuda estes elementos, as regras que rexen como se combinan e os novos elementos que constrúen (palabras, sintagmas, oracións...).

Por iso, os elementos lingüísticos poden ter **relacións sintagmáticas** (entre os elementos da mensaxe) e **relacións paradigmáticas** (con todos os elementos que podería ocupar o seu lugar na mensaxe).

# AS DISCIPLINAS DA GRAMÁTICA

- A fonética e a fonoloxía
- A morfoloxía
- A sintaxe
- A semántica

**Xoán López Viñas**  
**Cilha Lourenço Mória**  
**Marisa Moreda Leirado**

# Gramática práctica da lingua galega

Comunicación e expresión

2ª Edición  
CORRIXIDA



BAÍA EDICIÓN S

# A FONÉTICA E A FONOLOXÍA

Ambas as dúas disciplinas estudan os sons da linguaxe.

- A **fonética** estuda os **sons desde o punto de vista físico**, da acústica. As unidades básicas que estuda a fonética son os sons, o que realmente pronunciamos.
- A **fonoloxía** estuda os **sons desde o punto de vista teórico**, funcional. As unidades que estuda a fonoloxía son os fonemas, que son conxuntos de trazos sonoros que se distinguen entre si.

# A MORFOLOXÍA

A morfoloxía estuda a forma e a natureza das palabras, é dicir, estuda as **clases de palabras** e a súa **estrutura** e os seus compoñentes.

# A SINTAXE

- A sintaxe analiza as **relacións entre as palabras**, os **mecanismos** que seguen para combinarse e as **unidades** que resultan desa combinación: o sintagma, a cláusula e a oración.

# A SEMÁNTICA

A semántica estuda os **significados dos signos lingüísticos** tanto nun momento concreto (sincronicamente) como a súa evolución ao longo da historia (de forma diacrónica).

Dentro da semántica estudamos dous tipos de significado:

- O significado **denotativo**, que é o específico e literal das palabras. *O día 23 remata o verán* (estación meteorolóxica).
- O significado **connotativo**, que é o adquiren as palabras en contextos determinados. *Xa rematou o verán* (etapa de vacacións, para viaxar, saír de festa etc.)